

Ler para saber

A CIENCIA

Charlas e obradoiros de divulgación científica dirixidos a nenas e nenos, a partir de 10 anos, adolescentes e para público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda. Perillo
Horario: 18:30 h



Ola, *Isabel Martínez Lage* estará o 04/04/2014 en *Rialeda* coa charla titulada

“Matemáticas aplicadas á construción”

Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros que a biblioteca seleccionou para ti relacionados con este tema!!!


“Construcción & arquitectura”, de Alicia Rodríguez

Divertido libro que propón 14 prácticas de arquitectura e construción: un tipi indio, unha glorieta, unha escaleira de caracol, unha ponte colgante, o iglú dos esquimós, etc. Explicacións paso a paso e materiais como a madeira, aramio e tecidos ao alcance de calquera.




“Atlas básico de matemáticas”, de Rosario Villagrá

Fundamental para coñecer os aspectos básicos das matemáticas. Esta ciencia non é só o estudo dos números e as operacións que se fan con eles: o seu obxecto é facer preguntas sobre os fenómenos que observamos e elaborar modelos teóricos para que a ciencia poda estudar e transformar o universo que nos rodea.



“Más mortíferas mates” de Kjartan Poskitt

“Medidas mortíferas”, “Números extraños”, “La extraña historia del señor Campo y el señor Vallas” son algúns dos capítulos que podes coñecer da man de Jimmy el Pulgar, Charly el Serrucho, el Comadreja e os seus gángsters.






“50 teorías matemáticas creadoras e imaginativas”

As teorías matemáticas máis complexas, explicada cada unha, en dúas páxinas, 300 palabras e unha ilustración. Con bonitas ilustracións e pequenas biografías dos pensadores matemáticos. A cuadratura do círculo, a razón áurea, números imaxinarios, o cero, o infinito, a banda de Möbius, o cubo de Rubik, fractais, etc. son algunhas das que se explican neste fermoso libro.

“Festival matemático: 50 pasatiempos y curiosidades” de George G. Szpiro

Anécdotas, solucións a problemas matemáticos, casos curiosos: sudokus, a elección do mellor Papa e a mellor canción, o diñeiro e como conseguilo, terremotos, ataques epilépticos e a caída da Bolsa, escritores de cartas, mesas coxas, etc.

GEORGE
SZPIRO
FESTIVAL
MATEMÁTIC
50
PASATIEMPOS
Y
CURIOSIDADES
ALIANZ
EDITORIAL



“Historia de las matemáticas”, de Anne Rooney

Desde o mundo sen aritmética aos máis sesudos pensamentos matemáticos. Descubrirás as deslumbrantes figuras da matemática que cambiaron o mundo: Pitágoras, Hipatia de Alexandría, Einstein, Euler, Augusta Ada King e moitos e moitas máis.

“50 cosas que hay que saber sobre matemáticas” de Tony Crilly

Escolma moi interesante de temas que abranguen a historia e orixe das matemáticas, os números, a aritmética e álgebra, lóxica, xeometría e topoloxía, estatística e probabilidade, así como o cálculo infinitesimal e aplicación a diversos problemas.

